

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

EXTRACTO da ORDE do 22 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de prazas, en réxime de concorrencia competitiva, de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2024/25, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR952A).

BDNS (Identif.): 765124.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas deportistas con nacionalidade española que estean en posesión da licenza deportiva na modalidade para a que presenta a solicitude. Poderase excepcionar o requisito da nacionalidade no caso daqueles solicitantes que foran seleccionados pola selección española para participar en competicións de carácter europeo ou mundial.

Para o grupo de tecnificación deberán pertencer a un club deportivo galego ou sociedade anónima deportiva (SAD) dada de alta no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e estar empadroada nun municipio galego, así como ter promocionado de curso no ano 2024.

Segundo. *Obxecto*

Establecer, mediante o procedemento con código PR952A, as bases reguladoras e proceder á convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e con sometemento aos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, mérito e capacidade de prazas para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD), co fin de facilitar o adestramento dos deportistas de tecnificación e rendemento, creando un clima de adestramento e convivencia entre deportistas de diferentes especialidades deportivas, fomentando a educación integral dos deportistas que favoreza o seu desenvolvemento persoal e



facilitando a mellora do seu rendemento deportivo coa finalidade de alcanzar o máximo nivel competitivo.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 22 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de prazas, en réxime de concorrencia competitiva, de tecnificación e rendemento deportivo para o Centro Galego de Tecnificación Deportiva para a tempada 2024/25, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR952A).

Cuarto. *Prazo para presentar as solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2024

Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

